

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA IMPULSAR OS PROGRAMAS DE POSICIONAMENTO EUROPEO, A REDE DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN E O PROXECTO GALICIA 2030 NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), con enderezo social en Santiago de Compostela, na Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/núm. CIF G15051667, con poder en virtude de escritura pública núm. 963, outorgada o 19 de outubro de 2009, ante a notaria Dona Susana Ortega Fernández, do ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Ferrol.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A creación de FEUGA respondeu a unha iniciativa dos máis sobresaíntes axentes públicos e privados da comunidade. Como fundación de interese cultural, está

recoñecida pola Orde do 1 de agosto de 1984 (DOG núm. 206, do 26 de outubro) e inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co núm. 155 e que se institúe como fundación de interese universitario no ano 1982, ao amparo do Decreto 293/72, do 21 de xullo.

FEUGA é unha entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado, especializada na transferencia de coñecemento, innovación e tecnoloxía desde o Sistema universitario de Galicia (SUG) ao mundo empresarial e á sociedade en xeral.

A súa misión é achegar a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o saber científico e técnico xerado polos grupos de investigación universitarios ao mercado, para favorecer o emprendemento na universidade e o dinamismo no tecido produtivo. FEUGA rendibiliza o traballo do persoal investigador para provocar o salto dos seus coñecementos á aplicación práctica, de xeito visible e compartido.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración de FEUGA. Os seus membros fundadores son as tres universidades galegas e as máis prestixiosas institucións públicas e empresas privadas de Galicia.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- No ano 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio que iniciou un proceso de colaboración coa FEUGA, renovado e ampliado en 2018, para executar accións destinadas a prestar apoio ás tres universidades para captación de proxectos europeos, establecer un programa formativo en xestión estratéxica (GESCI-GOSCI), identificar e avaliar investigacións transferibles ao mercado e definir os perfís profesionais que se demandarán no futuro (proxecto Galicia 2030).

Así mesmo, o 22 de xuño de 2021 formalizouse un convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Consellería) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) que tivo por obxecto establecer as condicións polas que se rexeu a colaboración da Consellería e a FEUGA para executar accións destinadas a impulsar e consolidar un programa conxunto de posicionamento da I+D+i universitaria e novas accións de apoio ao Sistema Universitario de Galicia. No ano 2023, dito convenio modificouse cunha addenda.

CUARTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se

aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o *Plan galego de investigación e innovación 2022-2024*, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia e o obxectivo estratéxico 5 busca impulsar a Marca Galicia como activo para a I+D+i que permita posicionar a Galicia no mundo neste ámbito e apalancar investimento externo.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer máis visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), e impulsar a presenza internacional de Galicia no ámbito da I+D+i (obxectivo estratéxico 5), integrándose polo tanto nos programas Integra e Posiciona.

QUINTO.- Tendo en conta os excelentes resultados obtidos, analizados tanto en termos de rendibilidade económica, como de posicionamento estratéxico internacional dos grupos de investigación do SUG, considérase necesario consolidar, ampliar e instrumentalizar esta colaboración, xa que a presenza, posicionamento e dinamización continua a nivel europeo é imprescindible para manter e mellorar a visibilidade e captación de fondos en Europa.

Faise preciso así mesmo, continuar co impulso de liñas de actuación orientadas a mellorar a xestión da investigación en Galicia (colaboración a través dos programas formativos GESCI-GOSCI) para fortalecer as capacidades e oportunidades dos centros de

investigación do SUG, incrementando o liderado internacional da súa investigación, impulsando a colaboración con novos axentes académicos e industriais e potenciando a formación, atracción e incorporación de talento investigador. Así mesmo, é necesario o seguimento e consolidación do proxecto Galicia 2030, cuxa finalidade é ofrecer ao mercado laboral os titulados universitarios que precisa, orientando a oferta académica segundo as necesidades do tecido empresarial.

SEXTO.- A colaboración terá como principio fundamental o apoio ás accións estratéxicas de investigación das tres universidades do SUG. A promoción tecnolóxica e a dinamización da I+D+i son obxectivos fundacionais da FEUGA, onde a misión final é conseguir que os resultados acadados polos investigadores/as en innovación, tecnoloxía e coñecemento sexan trasladados ao mundo empresarial e a sociedade en xeral, ao tempo que se consolida o emprendemento na universidade e o dinamismo no tecido produtivo.

A creación de FEUGA respondeu a unha iniciativa dos máis representativos axentes públicos e privados da comunidade. Forman parte do seu padroado a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, prestixiosas institucións públicas, entidades e empresas de Galicia. Neste convenio, as actuacións a realizar por FEUGA operarán como un instrumento áxil para conectar a capacidade das universidades galegas co entorno empresarial e a sociedade, repercutindo directamente nos intereses das tres universidades que integran o SUG.

A colaboración coa FEUGA é unha forma eficiente de prestar apoio ás tres universidades galegas para:

- Identificar as oportunidades de financiamento máis axeitadas e contribuír así á captación de fondos comunitarios, superando accións individuais de cada unha que resultarían menos eficaces.
- Fomentar liñas de actividade asociadas á rede de centros de investigación do SUG.
- Seguimento e continuidade do proxecto Galicia 2030 verificando que a oferta académica das universidades dá resposta as necesidades do mercado laboral.

De acordo co exposto nos puntos anteriores, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración, para o período 2024-2026, entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a FEUGA, para executar accións destinadas a impulsar e consolidar un programa conxunto de posicionamento da I+D+i universitaria e novas accións de apoio ao SUG.

Concretamente levarase a cabo o financiamento para a execución das seguintes accións:

ACCIÓN 1.- Posicionamento, promoción, divulgación e captación de proxectos europeos do SUG

Posicionamento, promoción, divulgación e captación de proxectos europeos do SUG para promover a participación de grupos de investigación do SUG en proxectos europeos, no marco dun proceso de dinamización continua e internacionalización, imprescindible para manter e mellorar a visibilidade e a captación de fondos en Europa no marco do programa da Unión Europea *Horizon Europe* (HE) 2021-2027.

Para iso realizaranse as seguintes actividades:

- Traballar con grupos de investigación do SUG: combinando información interna e externa para a definición de proxectos.
- Realizar e ter presenza en actividades de posicionamento internacional: eventos, agrupacións tecnolóxicas, entidades rexionais, nacionais e europeas.
- Aumentar a captación de fondos derivada dos proxectos europeos.
- Incrementar as colaboracións internacionais das universidades galegas, así como as colaboracións co sector industrial.

Que incluírán presenza permanente de persoal do FEUGA en Bruselas, dedicación de persoal experto de FEUGA para o desenvolvemento de propostas e asesoramento

especializado no posicionamento e captación de proxectos europeos, así como viaxes e eventos para a materialización destas actividades.

	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
ACCIÓN 1	339.234	342.598	346.005	1.027.837

ACCIÓN 2.- Soporte a Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS)

Esta acción, que financia a actividade da Rede CIGUS e a súa xestión, busca fortalecer as capacidades e consolidar a excelencia dos centros de investigación do SUG; potenciar a formación, atracción e incorporación de talento investigador; incrementar o liderado internacional da súa investigación e impulsar a colaboración con novos axentes académicos e industriais para aumentar o impacto económico e social da súa actividade.

No marco desta acción desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

- Programa IMPULSUM. Este programa comprende distintos tipos de actividades: *Eventos e networking*; *Formación continua e desenvolvemento profesional* (organización de accións formativas para favorecer o desenvolvemento profesional do persoal de xestión e investigación e mellorar a competitividade dos centros); *Accións transversais e colectivas* (liderado e execución de iniciativas transversais e de interese común que benefician aos centros e tamén ao sistema en termos económicos, de captación de talento e de visibilidade; e *accións específicas* en materia de igualdade orientadas a mellorar a calidade da investigación e a desenvolver estruturas máis transparentes, inclusivas e igualitarias), *Open initiatives* (actuacións para fomentar o coñecemento mutuo e a colaboración dos centros co tecido empresarial e a sociedade) e *Asesoramento* individualizado aos centros para resolver problemáticas concretas e implementar actuacións que contribúan a mellorar o seu desempeño particular.

Accións complementarias ou de soporte á xestión da Rede. Para sustentar o carácter estratéxico e os estándares de calidade da Rede e facilitar a implementación do programa Impulsum, esta acción contempla tamén o seguinte tipo de actuacións:

- Asesoramento estratéxico á Rede. Existencia dun grupo de expertos asesores encargados de axudar a definir a estratexia á Rede, dada a complexidade,

variedade e especificidade dos ámbitos que comprende, e de prestar apoio e asesoramento nas súas liñas de actuación.

- **Avaliación.** Desenvolvemento das tarefas relacionadas coa actividade de xestión, coordinación e secretaría do proceso de avaliación e/ou seguimento dos centros CIGUS para asegurar a súa excelencia científica e alcanzar ou renovar o recoñecemento CIGUS, incluídos os gastos asociados á loxística da realización da avaliación dos membros do Comité Avaliador.
- **Comunicación e web.** Mantemento da web, xestión das redes sociais e implementación da estratexia de comunicación da Rede CIGUS definida en 2022-23 e orientada a mellorar o recoñecemento e posicionamento dos centros e da Rede no panorama nacional e internacional que inclúe accións a corto, medio e longo prazo.

	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
ACCIÓN 2	378.756	336.621	342.892	1.058.269

ACCIÓN 3.- Programa GESCI e GOSCI

Acción que contempla a celebración dunha nova e única edición dos programas formativos GESCI e GOSCI para formar aos equipos dos novos centros susceptibles de obter o recoñecemento CIGUS e ao novo persoal de dirección e xestión dos centros pertencentes á Rede. O obxectivo é seguir tendo formadas ás novas remesas de directores e xestores nos estándares de calidade que exige a xestión actual dos centros de investigación de excelencia e aliñalas cos requirimentos asociados á avaliación que da acceso á financiación CIGUS, así como á Rede e aos seus servizos.

	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
ACCIÓN 3	85.717	159.191	0	244.908

ACCIÓN 4.- Seguimento e continuidade do proxecto Galicia 2030

A Consellería e a FEUGA puxeron en marcha no ano 2018 o proxecto "Galicia 2030: Perfís

profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias”, con vistas a determinar as competencias e perfís profesionais que necesitará o tecido empresarial nos vindeiros anos e adaptar a oferta universitaria a estas novas demandas.

Froito deste proceso identificáronse 30 roles profesionais de futuro e 15 novas titulacións de interese para o SUG, actualmente non cubertas pola súa oferta académica. A partir deste estudo, as universidades galegas levarán a cabo o deseño e posta en marcha das titulacións, cuxa implantación efectiva estaba prevista nos vindeiros cursos.

En consecuencia, trátase con esta acción, de avaliar o impacto do proxecto no ano 2026, e revisar os roles propostos coincidindo coa incorporación das titulacións emanadas do proxecto Galicia 2030 á oferta académica do SUG.

En concreto, preténdese dar seguimento e continuidade ao proxecto 2030 a través desta acción 3, cuxo obxectivo é analizar e avaliar, a través dun estudo, o impacto global desta iniciativa e revisar a implementación efectiva das titulacións emanadas do proxecto na oferta académica do SUG, achegando suxestións de mellora. Recóllese no último ano do convenio para poder realizar a análise do máximo de titulacións posibles, xa que algunhas delas implantaranse con posterioridade ao curso académico 2023-2024.

	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
ACCIÓN 4	0	0	55.000	55.000

SEGUNDA.- Contía da axuda

A dotación da Consellería para este convenio é de dous millóns trescentos oitenta e seis mil catorce euros (2.386.014 €) distribuído en tres anualidades con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.781.0 (código de proxecto 2016 00366) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

A distribución por anualidades será a seguinte:

	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
ACCIÓN 1	339.234,00	342.598,00	346.005,00	1.027.837,00
ACCIÓN 2	378.756,00	336.621,00	342.892,00	1.058.269,00
ACCIÓN 3	85.717,00	159.191,00	0,00	244.908,00
ACCIÓN 4	0,00	0,00	55.000,00	55.000,00
TOTAL ACCIÓNS	803.707,00	838.410,00	743.897,00	2.386.014,00

Esta cantidade de 2.386.014 € trátase dun importe certo, e queda por conta da FEUGA a diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas, debendo ser reintegrado o financiamento público no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Co fin de facilitar a execución das actuacións do convenio, poderá modificarse a distribución dos créditos entre anualidades e accións, establecida nesta cláusula segunda, de acordo co artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O acto polo que se acorde esta modificación será ditado pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, previo informe favorable da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta do convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida á entidade beneficiaria.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28.10.2022), a subvención prevista neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta ao obxectivo do interese común. Así, a FEUGA é unha fundación sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a difusión da investigación e o coñecemento, co obxectivo de estimular

a actividade innovadora mediante a contribución á transferencia de coñecementos, a difusión da información e a colaboración entre as empresas e as organizacións de investigación, prestando servizos de asesoramento/apoio en materia de innovación.

Non obstante, a FEUGA deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, e debe informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola FEUGA para impulsar as accións descritas neste convenio.

A FEUGA comprométese a realizar as actividades previstas neste convenio. Comprométese a que das actuacións previstas se beneficien as tres universidades do SUG e a facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A FEUGA comprométese a someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

A FEUGA tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1 % da subvención concedida.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a FEUGA non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

A Consellería realizará o pagamento contra a presentación, antes do 30 de novembro de cada ano, por parte da FEUGA dunha memoria anual na que se dea conta do destino da achega e dunha declaración na que conste o cumprimento das actividades que fundamentan a concesión da subvención establecida no convenio e na que se recolla que os fondos foron destinados ao obxecto do convenio, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os ditos gastos acreditaranse mediante a presentación das correspondentes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, achegándose tamén os comprobantes dos pagamentos efectuados.

Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2026, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2026.

Así mesmo, no caso de pagamentos realizados no mes de decembro das anualidades de 2024 e 2025 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación.

Poderán realizarse pagos parciais a conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente e logo da presentación da documentación acreditativa que corresponda referida na epígrafe anterior. De acordo cos artigos 65.4 e 67.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño,

de subvencións de Galicia, estará exenta de garantías tanto a concesión de anticipos como a realización de pagamentos a conta.

Así mesmo, deberá acreditarse que FEUGA está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter débedas coas administracións. Tamén se aportará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas, de acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da FEUGA.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Ademais, será función da Comisión de Seguimento emitir informe sobre a proposta de redistribución dos fondos por anualidades e accións, a

condición de que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

SÉTIMA.- Modificación do convenio

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

OITAVA.- Extinción do convenio

Non obstante o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os

seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

NOVENA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último asinante, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2024 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a FEUGA consente expresamente para que a administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a FEUGA no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co estipulado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público dado que é preciso desprezar unha rede de intelixencia que detecte e explote oportunidades de crecemento e mellora para o SUG e dar resposta ás necesidades de transferencia de investigación por medio de accións para promover que as universidades galegas poidan participar en proxectos de investigación europeos e internacionais, fomentar liñas específicas de apoio aos centros de investigación do SUG tendo en conta as súas necesidades e especificidades así como velar por que a oferta académica da universidade se adecúe as esixencias do mercado laboral.

Estas accións esténdense ás tres universidades galegas, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación do SUG e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrência competitiva.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido

nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DUODÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Francisco Javier Pereiro Pérez

Director xeral de FEUGA